

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguiñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D.^a Verónica Maria Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e oito de febreiro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguiñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.^a Verónica Maria Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2023 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión ordinaria celebrada en data 22 de febreiro de 2023 e da sesión extraordinaria e urxente do día 23 de febreiro de 2023, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria realizada en data 22 de febreiro de 2023 e da sesión extraordinaria e urxente realizada en data 23 de febreiro de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se dá conta de ningún/ningunha.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍAS DEFINITIVA A EMPRESA XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. ADXUDICATARIA DA OBRA REFORMA E REPARACIÓN DA PISCINA CUBERTA DA BARCALA, OBRA COFINANCIADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO ABEIRO DO CONVENIO ASINADO ENTRE A ENTIDADE E O CONCELLO DE CAMBRE CON DATA DO 27/12/2013. EXPEDIENTE NÚMERO 2014/C003/000005

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: HIs7ws4iSRIMMAZcDta4), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que o contrato da obra “Reforma e reparación da piscina cuberta da Barcala”, obra cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro do Convenio asinado entre a entidade e o Concello de Cambre con data do 27.12.2013. foi adxudicado mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación num. 356/2015, de data 03.03.2015, á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L., no prezo ofertado de 274.596,03 euros (IVE incluído), o cal foi formalizado con data 09.03.2015.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante certificado de seguro de caución nº 30000077/00000115 da entidade aseguradora CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, Cia de Seguros y Reaseguros de data 19 de novembro de 2012 por importe de 11.346,94 € depositado na Tesourería municipal con data 25.02.2015 con núm. de rexistro 608.

Visto o informe emitido polo arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, con data do 30 de xaneiro de 2017, (CVD: RDEKxLfl5iEz/ve03QuY) no que entre outras cousas sinala:

- “(…) 1. Con fecha 20 de agosto de 2015 se firma el Acta de Recepción de las obras de referencia;
2. Con fecha 3 de agosto de 2016, tras efectuar visita de comprobación del estado actual del edificio de referencia y consulta al coordinador del Área correspondiente, se emite informe, por quien suscribe, relativo a las deficiencias observadas en la citada edificación. Tal informe fue remitido con fecha 5 de agosto de 2016 a la Dirección facultativa, para que realizara un análisis de dichas deficiencias.
3. Con fecha 22 de agosto de 2016 se presenta el análisis solicitado con las medidas de reparación a adoptar.
4. Con fecha 21 de septiembre se emite informe, por quien suscribe, comunicando a la empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., adjudicataria de las obras que, en el plazo máximo de un mes, proceda a realizar los trabajos que se señalaban, bajo la supervisión de la Dirección Facultativa; asimismo se comunica este hecho tanto al Director de la obra como al Director de Ejecución, para que supervisen la realización de los trabajos señalados y emitan el correspondiente informe una vez realizados estos.
5. Con fecha 3 de noviembre de 2016, registro de entrada 0/9561, se presenta por la empresa adjudicataria escrito relativo al estado de las reparaciones efectuadas.
6. Con fecha 19 de enero de 2017, registro de entrada 0/401, se presenta por parte del Director de Obra y del Director de Ejecución, informe aprobando las actuaciones realizadas por la empresa adjudicataria.
7. A la vista de lo anterior, transcurrido el plazo de garantía establecido en el art. 235.3 del Real Decreto Legislativo 3/2011, así como realizadas las actuaciones necesarias para solventar las deficiencias observadas, se informa favorablemente la devolución de aval solicitada.(…)”

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 61/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 19 de febreiro 2023, de carácter favorable (CVD: 391/HVINtID4V+LCnrRD).

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 11.346,94 euros constituída pola entidade Xestión Ambiental de Contratas, S.L., con CIF B36746584, mediante certificado de seguro de caución no expediente número 2014/C003/000005, para a obra "Reforma e reparación da piscina cuberta da Barcala".

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: Hls7ws4iSRiMMAZcDta4), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA AMPLIACIÓN DE DESMONTE Y MURO PERIMETRAL EN BREXO-CAMBRE A FAVOR DA EMPRESA GROMA OBRAS, S.L., NO PREZO OFERTADO DE 12.249,26 EUROS SIN IVA, 14.821,60 EUROS IVA INCLUIDO

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: nJNEAmEBxnEqGBkZIEZ9), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C003/000015 para a adxudicación, procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) da obra "Ampliación de desmote e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) - Cambre".

Vista a valoración dos criterios de valoración que constan na acta do órgano de asistencia de data 15.12.2022 así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data polo devandito órgano a prol do licitador "GROMA OBRAS, S.L."

Vista a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario e que consta no expediente o certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público.

Visto que, respecto da solvencia técnica e da suficiencia de medios pessoais e materiais, consta no expediente informe emitido pola arquitecta técnica municipal, de data 01.02.2023 (CVD: Qf3s0vXLFXYBU3OLbmwR) no que sinala:

"Por lo que se considera que el licitador, GROMA OBRAS, S.L., acredita su solvencia técnica y la adecuación de medios personales y materiales ofertados para la obra de Ampliación de desmote y muro perimetral en Brexo (Pousadoira) – Cambre."

Visto o informe da tesoureira municipal de data 25.01.2023 (CVD: XBleZtN5moMrj9C8EN8v) no que se fai constar que:

"Segundo resulta da contabilidade municipal e do servizo Intranet da Deputación provincial: Servizos tributarios, que o terceiro que se menciona de seguido, na data 18/11/2022 e na actualidade non ten débedas co Concello de Cambre."

NIF SUXEITO PASIVO
B70484811

NOME SUXEITO PASIVO
GROMA OBRAS SL".

Visto o informe proposta emitido con data 17.02.2023 pola secretaria accidental e o interventor municipal (CVD: 6SirO7Kg54ClaA5g5b5j) do que se desprende que o licitador acredita a súa personalidade e capacidade, solvencia económica, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, tanto na data final de presentación de ofertas como á data actual e que consta tamén no expediente declaración responsable de non estar incurso a entidade mercantil en prohibición de contratar e de non contar a empresa cun número de traballadores igual ou superior a 50.

Visto o informe emitido polo xefe da área de urbanismo e réxime interior con data do 17.02.2023 (CVD: fVuwx90XCKzhmctd zp20) que di:

"Na actualidade a escaseza de recursos humanos existentes nesta Area de Urbanismo, a cal vese agudizada polo recente cese do arquitecto interino, faise que sexa necesario e pertinente acudir á contratación externa da dirección técnica da obra denominada "Ampliación de desmote y muro perimetral en Brexo (Pousadoira) - Cambre".

Visto o informe emitido con data do 23.02.2023 (CVD: 0QYXZjTkO72UEUe/j/GF) pola enxeñeira técnica de obras públicas, responsable do contrato do "Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de

Urbanismo e Obras do Concello de Cambre” adxudicado á empresa “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, no que se propón “nomear a D. Gustavo Vázquez Herrero, Ingeniero de Casminos Canales y Puertos da empresa, “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, director da obra denominada “Ampliación de desmonte y muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data do 15.12.2022, declarar válida a licitación, admitindo nela a oferta presentada polo único licitador que participou nela, por presentar os arquivos ou sobres electrónicos C, coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 11, 12 e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e a proposición, conforme aos modelos establecidos nos Anexos II.A) e II.B) do PCAP:

- GROMA OBRAS, S.L.

Segundo: De conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data do 15.12.2022, aprobar a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores e ordenalas por orde decrecente de clasificación, segundo a puntuación correspondente ao único criterio de valoración (factor prezo), así como o límite das ofertas incursas en presunción de ser anormalmente baixas, que queda establecido en 9.474,008 euros (segundo o disposto na cláusula 15.4.2 do PCAP), resultando que a única oferta presentada non se atopa nesta circunstancia:

- GROMA OBRAS, S.L.

100 puntos.

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data do 15.12.2022, adxudicar o contrato de *“Ampliación de desmonte y muro perimetral en Brexo-Cambre”* a favor da empresa “GROMA OBRAS, S.L.”, no prezo ofertado de 12.249,26 euros sin IVA, 14.821,60 euros IVA incluído, por ser a única entidade presentada que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (oferta económica).

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 17 do PCAP e no artigo 159.6 g) LCSP, entenderase formalizado o contrato mediante a firma de aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Quinto: Designar a don Gustavo Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, director de obra-responsable do contrato, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Sétimo: Dar traslado do acordo ao director da obra que se designe e á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: nJNEAmEBxnEqGBkZIEZ9), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.3. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DA REFORMA DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL BREXO LEMA, CAMBRE A FAVOR DA EMPRESA GROMA OBRAS, S.L., NO PREZO OFERTADO DE 9.568 EUROS SEN IVE, 11.577,28 EUROS IVE INCLUÍDO

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: wnv7osBEfCo4qXzv6zY), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado na plataforma TEDeC, ao núm. 2022/C003/000014, para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) da obra “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo-Lema”.

Vista a valoración dos criterios de valoración que constan na acta do órgano de asistencia de data 05.01.2023 así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data polo devandito órgano a prol do licitador “GROMA OBRAS, S.L.”.

Vista a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario e que consta no expediente o certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público.

Visto que, respecto da solvencia técnica e da suficiencia de medios pessoais e materiais, consta no expediente informe emitido pola arquitecta técnica municipal, de data 01.02.2023 (CVD: ilxNqHffvCh5ttBiwRLc) no que sinala:

“Por lo que se considera que el licitador, GROMA OBRAS, S.L., acredita su solvencia técnica y la adecuación de medios personales y materiales ofertados para la obra de reforma de la planta baja del centro sociocultural Brexo - Lema”.

Visto o informe da tesoureira municipal de data 25.01.2023 (CVD: DRFhu85Zt54kboYOCfwT) no que se fai constar que:

“Segundo resulta da contabilidade municipal e do servizo Intranet da Deputación provincial: Servizos tributarios, que o terceiro que se menciona de seguido, na data 14/11/2022 e na actualidade non ten débedas co Concello de Cambre.

NIF SUXEITO PASIVO
B70484811

NOME SUXEITO PASIVO
GROMA OBRAS SL”.

Visto o informe proposta emitido con data 17.02.2023 pola secretaria accidental e polo interventor municipal (DRFhu85Zt54kboYOCfwT) do que se desprende que o licitador acredita a súa personalidade e capacidade, solvencia económica, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, tanto na data final de presentación de ofertas como á data actual e que consta tamén no expediente declaración responsable de non estar incurso a entidade mercantil en prohibición de contratar e de non contar a empresa cun número de traballadores igual ou superior a 50.

Visto o informe emitido polo xefe da área de urbanismo e réxime interior con data do 17.02.2023 (CVD: pzhIX29yT0prmljrxuyB) que di:

“Na actualidade a escaseza de recursos humanos existentes nesta Area de Urbanismo, a cal vese agudizada polo recente cese do arquitecto interino, faise que sexa necesario e pertinente acudir á contratación externa da dirección técnica da obra denominada “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo-Lema”.

Visto o informe emitido con data do 23.02.2023 (CVD: tmWO0Z90LIq/oGIDaAdI) pola enxeñeira técnica de obras públicas, responsable do contrato do “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre” adxudicado á empresa “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, no que propón “nomear a D. Gustavo Vázquez Herrero, Ingeniero de Casminos Canales y Puertos, D. Jua Ramón Iglesias Babío, Arquitecto Superior, ambosdous da empresa, “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, directores da obra denominada “Reforma de la planta baja del Centro Sociocultural Brexo Lema, Cambre”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data do 05.01.2023, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polos licitadores, por presentar os arquivos ou sobres electrónicos C, coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 11, 12 e 13 do prego de cláusulas

administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e a proposición, conforme aos modelos establecidos nos Anexos II.A) e II.B) do PCAP:

1. ARKIVOLTA CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS, S.L.
2. GROMA OBRAS, S.L.
3. JARDINERIA ARCE S.L.
4. O7 OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Segundo: De conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data do 04.01.2023, aprobar a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores e ordenalas por orde decrecente de clasificación, segundo a puntuación correspondente ao único criterio de valoración (factor prezo), así como o límite das ofertas incursas en presunción de ser anormalmente baixas, que queda establecido en 9.003,13 euros (segundo o disposto na cláusula 15.4.2 do PCAP), resultando que ningunha das ofertas presentadas se atopa nesta circunstancia:

LICITADORES	PRECIO SIN IVA	PUNTUACIÓN
1. GROMA OBRAS, S.L.	9.568,00	100
2. O7 OBRAS Y SERVICIOS S.L.	9.905,00	96,60
3. ARKIVOLTA SL	9.950,00	96,16
4. JARDINERÍA ARCE, S.L.	10.590,92	90,34

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data do 05.01.2023, adjudicar o contrato de "*Reforma da planta baixa do Centro Sociocultural Brexo Lema, Cambre*" a favor da empresa "GROMA OBRAS, S.L.", no prezo ofertado de 9.568 euros sen IVE, 11.577,28 euros IVE incluído, por ser a única entidade presentada que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (oferta económica).

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 17 do PCAP e no artigo 159.6 g) LCSP, entenderase formalizado o contrato mediante a firma de aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adjudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Quinto: Designar a don Gustavo VázqueZ Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, e a don Juan Ramón Iglesias Babío, arquitecto superior, directores de obra-responsables do contrato, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Sétimo: Dar traslado do acordo ao Director da obra que se designe e á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do

establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: wnv77osBEfCo4qXzv6zY), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.4. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE CAMBRE, CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO FORMALIZADO POLA FEMP O 12 DE MARZO DE 2021, PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP - LOTE 6: SEGURO PARA FLOTAS DE VEHÍCULOS

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de febreiro de 2023 (CVD: bJc0y7b8ouwl//1wgXn), que transcrita di:

“PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

ANTECEDENTES

1. Adhesión á Central de Contratación da FEMP: Conforme coa Resolución de Alcaldía número 1950/2018 de data 1 de outubro de 2018, o Concello de Cambre atópase adherido á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.
2. Está en vigor, tralo acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de marzo de 2022 e formalizado o 3 de marzo de 2022, o contrato baseado de mediación de riscos e seguros, ao abeiro do acordo marco de mediación de riscos e seguros da Central de Contratación da FEMP, formalizado o 3 de marzo de 2020.
3. A FEMP, a través da súa Central de Contratación, ten licitado en beneficio dos seus asociados o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes por tipoloxía de entidade local e ramo de seguros, con base en pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e os pregos de prescricións técnicas (PPT) resultando adxudicatarias **para o Lote 6** a seguinte empresa:

LOTES	Adxudicatario
-------	---------------

LOTE 6. Seguro para flotas de vehículos	Bilbao Seguros CIA Anónima de Seguros y Reaseguros
---	--

4. O acordo marco adxudicouse en todos os seus lotes con data 11 de febreiro de 2021, téndose formalizado o acordo marco o 12 de marzo de 2021.

Na dita licitación, a FEMP observou os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo polo tanto a LCSP.

5. O dito acordo marco ten unha vixencia que varía en función dos lotes, sendo a do Lote 6 “Seguro de flota de vehículos” de 2 anos.

O acordo marco, en todos os seus lotes, poderá ser obxecto de prórrogas anuais (de 12 meses, cada unha) sucesivas, por mutuo acordo, antes da súa finalización. Non obstante, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses.

A duración total do acordo marco, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 48 meses (4 anos), de conformidade co disposto no artigo 219.2 da LCSP.

O prazo de vixencia do acordo marco delimita o prazo no que poderán adxudicarse os contratos baseados nel. Non obstante, a duración dos contratos baseados poderá exceder a do acordo marco, coas limitacións previstas no PCA.

Só poderán adxudicarse contratos baseados nun acordo marco durante a vixencia deste último. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será a do envío do documento de invitación por parte da entidade local, ou se nas sucesivas prórrogas do acordo marco soamente resultase un adxudicatario de cada Lote, será directamente a data da adxudicación do contrato baseado.

Durante este período, as entidades locais adheridas deberán contratar os seguros cunha das empresas adxudicatarias do presente acordo marco e nas condicións que se fixan no PCA e no PPT.

6. Con base no citado acordo marco, o Concello de Cambre pode subscribir o correspondente contrato baseado cunha das empresas adxudicatarias do acordo marco (lote 6), cuxo obxecto comprenderá a prestación do seguro para flota de vehículos nas condicións que se fixan o PCA e no PPT.
7. Con data 8 de febreiro de 2023, conforme co establecido na cláusula 21 do PCA, remitiuse documento de invitación á empresa adxudicataria do Lote 6, dándose un prazo de 10 días naturais para que as empresas presentaran as súas ofertas a través da plataforma informática da Central de Contratación.
8. Os criterios de adxudicación e a súa ponderación están preestablecidos na cláusula 21.2 do PCA, e replícanse no documento de invitación, axustándose o contrato, entre outras, ás seguintes condicións:

- Importe anual do contrato (sen IVE): 19.267,25 euros
- Importe anual IVE: As primas de seguros están exentas de IVE
- Valor estimado do contrato (sen IVE e incluíndo prórrogas): 38.534,50 euros
- Duración do contrato baseado e prórroga (no seu caso): 1 ano, podendo prorrogarse por 1 ano máis
- Garantías: Non procede

- Condición especial de execución: Que a adxudicataria dispoña dun plan de igualdade para a empresa, cando polas súas características non estea obrigado normativamente a telo en vigor, achegando a documentación acreditativa ao inicio do contrato baseado

9. Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentou oferta a compañía aseguradora adxudicataria do Lote 6 do acordo marco de seguros da Femp: Bilbao Seguros CIA Anónima de Seguros y Reaseguros
10. Consta informe de valoración de oferta do mediador de seguros do Concello de Cambre, de data 22 de febreiro de 2023.
11. Constan no expediente os certificados de que a licitadora está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa AEAT, Seguridade Social e Concello de Cambre.
12. Conforme co establecido no artigo 36.3 da LCSP, o contrato baseado no acordo marco perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

A comunicación da adxudicación realizarase mediante a plataforma tecnolóxica da Central de Contratación da FEMP, sen prexuízo de que se notifique e publique a adxudicación conforme co establecido na Disposición Adicional Decimoquinta de la LCSP.

O Concello de Cambre deberá incluír na Plataforma da FEMP toda a información referente á tramitación do contrato baseado.

13. Consta informe da Secretaría e Intervención municipais, de data 24 de febreiro de 2023 (CVD: a8dujllXTU9pW898/Xd4), favorable á proposta de adxudicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O procedemento de contratación realizouse conforme co disposto no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros e os PCA e PPT que rexeron a súa licitación, trala adhesión á Central de Contratación por parte do Concello de Cambre, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1950/2018, de data 1 de outubro de 2018, e con contrato baseado de mediación de riscos e seguros tralo acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno con data 2 de marzo de 2022.

Segundo.- A execución e resolución deste contrato supeditase ao disposto no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros, nos PCA e PPT que rexeron a licitación dese acordo marco, así como pola LCSP, polo Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e, en canto non se opoña, polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante, o "RXLCAP").

Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, a "LPACAP") e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, "LRXSP") e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación ao contratos baseado a normativa sectorial vixente en cada momento, e entre outras, a título enunciativo e non exhaustivo as seguintes disposicións:

- Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.
- Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- A parte que subsiste vixente da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación e supervisión das entidades aseguradoras e reaseguradoras, e no non derogado o Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados e demais disposicións de desenvolvemento e de dereito privado de xeral e concordante aplicación.
- Calquera outra disposición que afecte, modifique, desenvolva, derogue ou substitúa á ditas normas.

Teñen carácter contractual os seguintes documentos: o PCA, o PPT, o documento de formalización do acordo marco, o documento de invitación, a oferta presentada pola adxudicataria e o acordo de adxudicación.

Terceiro.- Tendo en consideración que o órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cambre é a Xunta de Goberno Local, isto de conformidade coa delegación de atribucións da Alcaldía efectuada ao seu favor mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo.

No uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e vistos os antecedentes mencionados e as disposicións legais, formulo a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO A ADOPTAR:**

Primeiro: Adxudicar o contrato baseado para a contratación do seguro de flota de vehículos para o Concello de Cambre á única licitadora, Bilbao Seguros CIA Anónima de Seguros y Reaseguros, adxudicataria do Lote 6 do acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP, cunha prima total ofertada de 18.533,75 euros, e coas características que de seguido se relacionan (segundo oferta do licitador), o que lle outorga (segundo informe do mediador de seguros de data 22 de febreiro de 2023), a puntuación que igualmente se indica:

Primas totais desagregadas por tipoloxía e cobertura adicional solicitada

n°veh	Matrícula	Marca/ Modelo	Tipo de vehículo	PRIMA TOTAL Garantías básicas	PRIMA TOTAL Incendio	PRIMA TOTAL Robo	PRIMA TOTAL Todo riesgo sin franquicia	PRIMA TOTAL Todo riesgo con franquicia: Grupos 1 y 2, Fran: 300€; Grupos 10, 11, 17 Fran: 1.500€	TOTALES
1	8495JSF	NP 300 NAVARA 2.3DCI 4X4 ACE	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	806,75 €	- €	1.100,00€
2	5202FYK	CITROEN C5 2.2 HDI EXCLUSIVE	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	806,75 €	- €	1.100,00€



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3	4103GBS	SSANYO NG REXTON 2.7 D	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €
4	9503DZT	CITROEN C4	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €
5	4463JGM	CITROEN C4	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €
6	7388FXW	SSANYO NG ACTYON 2.0 XDI	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €
7	2819LBR	DACIA DUSTER SR/DHE2	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	50,00€	50,00€	- €	- €	393,25 €
8	1932GRW	DACIA LOGAN 1.5 D	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	50,00€	50,00	- €	- €	393,25 €
9	7634CLK	LAND ROVER DEFENDER 130 2.5	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	50,00€	50,00€	- €	- €	393,25 €
10	5899CKT	NISSAN TERRAN O 2.7	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	50,00€	50,00€	- €	- €	393,25 €
11	3931FZS	CITROEN BERLINGO KB 1.4 SATISFA	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €
12	8153DBL	RENAULT KANGOO COMBI 1.9 DCI	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	50,00€	50,00€	- €	- €	393,25 €
13	3962HMW	IVECO DAILY EURO5 LD	02.- FURGONETAS Y FURGONES RESTO DE USOS	380,00€	- €	- €	950,00 €	- €	1.330,00€
14	8517FVR	CITROEN JUMPER 2.2 HDI	02.- FURGONETAS Y FURGONES RESTO DE USOS	380,00€	65,00€	65,00€	- €	- €	510,00 €
15	5686HGR	CITROEN JUMPY 120C ML5	02.- FURGONETAS Y FURGONES RESTO DE USOS	380,00€	65,00€	65,00€	- €	- €	510,00 €
16	7492FNZ	MERCEDES 122 6AF	08.- CAMIÓN O CAB. TRAC. USO POLICIAL, BOMBEROS Y RESTO EMERGENCIAS CUALQUIER MMA	1.305,00 €	- €	- €	- €	- €	1.305,00€
17	C9434E	INTERNA CIONAL DURASTAR E M500	08.- CAMIÓN O CAB. TRAC. USO POLICIAL, BOMBEROS Y RESTO EMERGENCIAS CUALQUIER MMA	1.305,00 €	- €	- €	- €	- €	1.305,00€
18	3760GCK	MERCEDES ATEGO 1323	10.- CAMIONES LIGEROS (hasta 12 TN) RESTO DE USOS	693,50€	100,00 €	100,00 €	- €	- €	893,50 €
19	C090929VE	DEUTZ FAHR DX 110 DESBROZADORA	14.- VEHICULOS INDUSTRIALES/ VEHICULOS ESPECIALES/TRACTORES RESTO DE USOS	170,00€	- €	- €	- €	- €	170,00 €
20	SIN MATRÍCULA	EXCAVADORA KOMATSU U PC 35 MR-3	14.- VEHICULOS INDUSTRIALES/ VEHICULOS ESPECIALES/TRACTORES RESTO DE USOS	170,00€	- €	- €	- €	- €	170,00 €
21	8762HHK	PIAGGIO X7 EVO 300	12.- MOTOCICLETAS/QUADS	292,50€	- €	- €	- €	- €	292,50 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

22	0812GCG	KYMCO MXV 150	12.- MOTOCICLETAS/QUADS	292,50€	- €	- €	- €	- €	292,50 €
23	3109GZW	PIAGGIO VESPA XT EVO 300	12.- MOTOCICLETAS/QUADS	292,50€	- €	- €	- €	- €	292,50 €
24	4138HXN	SEAT ALTEA REFERENCE 1.6 TDI ECOMOTI	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	50,00€	50,00€	- €	- €	393,25 €
25	6325LGF	RENAULT KANGOO PROFESIONAL 1.5 DCI	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	50,00€	50,00€	- €	- €	393,25 €
26	7864LV B	TOYOTA PROACE COMBI L1 ELECTRIC GX	02.- FURGONETAS Y FURGONES RESTO DE USOS	380,00€	65,00€	65,00€	- €	- €	510,00 €
27	2390LVT	RENAULT KANGOO MAXI EXPRESS 5 ZE	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €
28	4564LVT	RENAULT TWINGO ELECTRIC R80 20KWH SL	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €
29	5191FSN	PEUGEOT 407 ST 2.0 HDI CONFORT PACK AT	01.- TURISMOS, DERIVADOS DE TURISMO Y TODO TERRENO	293,25€	- €	- €	- €	456,75 €	750,00 €

Inclusión de garantías adicionales

Garantía adicional	
Inclusión de la cobertura de Daños Propios por atropello de animales cinegéticos en accidentes de tráfico por atropello de especies cinegéticas, la Aseguradora se hará cargo del importe de la reparación de los daños sufridos por el vehículo asegurado con el límite máximo de 6.000 € o el valor venal del vehículo, si éste fuera inferior. Para que se derive el derecho a percibir dicha indemnización es imprescindible que se haya instruido un Atestado por la Policía de Tráfico de la Comunidad Autónoma correspondiente y que el mismo proporcione la evidencia de una colisión directa con el cuerpo de una pieza de caza.	NO
Terceros entre sí: A los efectos del presente contrato, los vehículos asegurados tendrán la consideración de terceros entre sí.	SI

<p>Errores administrativos: Cualquier error u omisión no intencionado por parte del Mediador o el tomador no anulará o perjudicará el seguro proporcionado, siempre que el Mediador o el tomador informe de tal error u omisión tan pronto como sea posible después de ser descubierto.</p> <p>Así mismo en el caso de error administrativo o de cualquier otra índole al tramitar las altas, bajas o modificaciones de las pólizas de los vehículos, la aseguradora asumirá la cobertura del seguro como si dicho error no hubiera tenido lugar, sin otro límite que la buena fe de las partes, salvo en el supuesto de haber existido mala fe o intencionalidad de no aseguramiento. El tomador abonará a la aseguradora las primas correspondientes a estas altas de vehículos no comunicados por error.</p>	SI
<p>Inclusión de la garantía de defensa por infracciones administrativas de tráfico: El Asegurador asume el asesoramiento y elaboración de los escritos y recursos previstos en vía administrativa de aquellos procedimientos sancionadores que se incoen contra el Asegurado, Tomador, Conductores como consecuencia de infracciones de la legislación sobre el tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial por hechos ocurridos en Territorio Español, y no contempla las sanciones contra las normas de aparcamiento y estacionamiento.</p>	NO
<p>Pedrisco: Mediante esta cobertura, se garantizan los daños materiales ocasionados en el exterior del vehículo asegurado como consecuencia de pedrisco y granizo.</p>	NO
<p>No repetición contra tomador o propietario: La aseguradora no podrá repetir contra el tomador del seguro o el propietario del vehículo en los siniestros que sean de aplicación las exclusiones relativas al conductor (alcoholemia, consumo de estupefacientes, etc.). La aseguradora solamente podrá repetir contra el conductor.</p>	SI

Ampliación dos capitais de falecemento e invalidez permanente por accidente para a cobertura de accidentes do condutor

CAPITAIS DE FALECEMENTO E INVALIDEZ PERMANENTE ESTABLECIDOS NO PPT	OFERTA
<ul style="list-style-type: none"> Falecemento: 18.000 € Invalidez Permanente Absoluta: 18.000 € 	18.000€ (non se mellora o prego)

Puntuación outorgada a Bilbao Seguros CIA Anónima de Seguros y Reaseguros:

PUNTUACIÓN	
Oferta económica	60 puntos
Garantía danos propios por animais cinexéticos	0 puntos
Garantía terceiros en sí	5 puntos
Garantía erros administrativos	5 puntos
Garantía infraccións de tráfico	0 puntos
Garantía danos materiais por pedrisco e granizo	0 puntos
Non repetición tomador ou propietario	5 puntos
Ampliación capital garantía accidentes corporais condutor	0 puntos
TOTAL	75 puntos

Segundo: Comunicar este acordo á adxudicataria a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar o acordo no Perfil do contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público e notificar conforme co establecido na LCSP.

Terceiro: O contrato baseado despregará efectos desde a notificación do presente acordo, conforme co establecido no artigo 36.3 da LCSP.

Cuarto: Notificar á xefa da Unidade de Réxime Interior, como responsable do contrato, e ao mediador de seguros do Concello de Cambre.

O presente acordo pode ser impugnado mediante recurso potestativo de reposición, o bien directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade con lo dispuesto en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de febreiro de 2023 (CVD: bJc0y7b8ouwl//1wgXn), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.5. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA O "SERVIZO DE DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS EXTERNO DO CONCELLO DE CAMBRE" A PROL DO LICITADOR INGADE CONNECT S.L. NO PREZO OFERTADO DE 2.400 EUROS SEN IVE, 2.904 EUROS IVE INCLUÍDO

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de febreiro de 2023 (CVD: SzY/X7Abuq56ktXizNut), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data do 04.08.2022 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público (en diante, PLACSP) o anuncio da licitación para a contratación do servizo de protección de datos externo do Concello de Cambre mediante procedementos aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), con multiplicidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, cun valor estimado de 8.637,36 € [precio anual sen IVE x 2 (1 ano de duración + 1 ano prórroga)] e un orzamento base de licitación anual de 4.318,68 sen IVE, 5.225,60 € IVE incluído. O prazo para presentación de proposicións rematou o 22.08.2022.

Visto que, segundo se deriva do listado de licitadores presentados, expedido pola propia PLACSP (Código seguro de verificación: LE1-6eed664b-039261c4-f9356795-3c617642-a1e0bd9e), rematado o prazo de presentación de proposicións, o total de licitadores foron 10:

- LICITADOR 1: Razón social: VICENTE JOSÉ GÓMEZ LOUREDA NIF:*****
- LICITADOR 2: Razón social: AUDIDAT 3.0, S.L.U. NIF: B02482545
- LICITADOR 3: Razón social: FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES S.L. NIF: B15638976
- LICITADOR 4: Razón social: NORQUALITY CONSULTORES, S.L. NIF: B15850118
- LICITADOR 5: Razón social: VALDEPARES CONSULTING S.L. NIF: B67762633
- LICITADOR 6: Razón social: AYS INNOVA S.L. NIF: B70310255
- LICITADOR 7: Razón social: APDTIC PROFESIONALES, S.L. NIF: B70487053
- LICITADOR 8: Razón social: ENFOKE PROTECCION DE DATOS SL NIF: B70569157
- LICITADOR 9: Razón social: Castro Alonso Asesores S.I. NIF: B83311340
- LICITADOR 10: Razón social: INGADE CONNECT, S.L. NIF: B90399577

Visto que en sesión celebrada polo órgano de asistencia con data do 25.08.2022, procedeuse á apertura das proposicións presentadas, co seguinte resultado:

LICITADORES	PRECIO SIN IVA	IVA 21%	PRECIO TOTAL	HORAS PRESENCIALES
APDTIC PROFESIONALES, S.L.	1.640	344,4	1.984,40	100
AUDIDAT 3.0, S.L.U.	2.720,00	571,2	3.291,20	50
AYS INNOVA	2.200	462	2.662,00	50
Castro Alonso Asesores S.I.	3.200	672	3.872,00	15
ENFOKE PROTECCION DE DATOS SL	2.591	544,11	3.135,11	36
FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES S.L.	2000	420	2.420,00	10
INGADE CONNECT, S.L.	2.400	504	2.904,00	45
NORQUALITY CONSULTORES, S.L.	2.380,00	499,8	2.879,80	100
VALDEPARES CONSULTING S.L.	2.500,00	525	3.025,00	100
VICENTE JOSÉ GÓMEZ LOUREDA	3.300,00	693	3.993,00	100

Visto que nesta mesma sesión outorgouse a seguinte puntuación a cada unha das ofertas, en aplicación dos criterios de adjudicación previstos na cláusula 12 do PCAP:

LICITADORES	PRECIO SIN IVA	IVA 21%	PRECIO TOTAL	HORAS PRESENCIALES	PUNTUACIÓN PRECIO	PUNTUACIÓN HORAS PRESENCIALES	PUNTUACIÓN TOTAL
APDTIC PROFESIONALES, S.L.	1.640	344,4	1.984,40	100	80	20	100
AUDIDAT 3.0, S.L.U.	2.720,00	571,2	3.291,20	50	48,24	10	58,24
AYS INNOVA	2.200	462	2.662,00	50	59,67	10	69,64
CASTRO ALONSO ASESORES S.L.	3.200	672	3.872,00	15	41	3	44
ENFOKE PROTECCION DE DATOS SL	2.591	544,11	3.135,11	36	50,67	7	57,67
FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES S.L.	2000	420	2.420,00	10	65,6	2	67,6
INGADE CONNECT, S.L.	2.400	504	2.904,00	45	54,67	9	63,67
NORQUALITY CONSULTORES, S.L.	2.380,00	499,8	2.879,80	100	55,17	20	75,13
VALDEPARES CONSULTING S.L.	2.500,00	525	3.025,00	100	52,48	20	72,48
VICENTE JOSÉ GÓMEZ	3.300,00	693	3.993,00	100	39,76	20	59,76

LOUREDA							
---------	--	--	--	--	--	--	--

Visto que, así mesmo, nesta sesión, de conformidade co establecido na cláusula 15.3.2 do PCAP e no artigo 85.4 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, fixouse o importe da oferta considerada como anormalmente baixa en 2.073,6 euros, sen IVE, incorrendo nesta circunstancia os seguintes licitadores:

LICITADORES	PRECIO SIN IVA
APDTIC PROFESIONALES, S.L.	1.640
FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES S.L.	2.000

Visto que con data do 26.08.2022 enviouse pola PLACSP o requirimento de documentación xustificativa das ofertas incursas inicialmente en baixa temeraria. Unha vez examinada a documentación xustificativa presentada por cada un dos licitadores, o órgano de asistencia, en sesión celebrada con data de 09.09.2022 acordou:

“Primero: Declarar que la empresa “APDTIC PROFESIONALES SL.” ha justificado suficientemente su oferta inicialmente incursa en presunción de resultar anormalmente baja, ello de conformidad con lo establecido en la cláusula 15.2.4 del Pliego de cláusulas administrativas particulares, al haber aportado la documentación requerida, y según el informe emitido por la jefa de la unidad de Régimen Interior en fecha 9 de septiembre de 2022.

Segundo: Excluir a la empresa “FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES S.L.” de la clasificación de las ofertas presentadas, por no haber presentado la documentación requerida para justificar su oferta”.

Visto que, excluído o licitador FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES S.L., resulta a seguinte clasificación dos licitadores, por orden decrecente de valoración:

nº orden	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.	APDTIC PROFESIONALES, S.L.	100
2.	NORQUALITY CONSULTORES, S.L.	75,13
3.	VALDEPARES CONSULTING S.L.	72,48
4.	AYS INNOVA	69,64
5.	INGADE CONNECT, S.L.	63,67
6.	VICENTE JOSÉ GÓMEZ LOUREDA	59,76
7.	AUDIDAT 3.0, S.L.U.	58,24
8.	ENFOKE PROTECCION DE DATOS SL	57,67
9.	Castro Alonso Asesores S.I.	44

Visto que con data do 09.09.2022 polo órgano de asistencia formulouse proposta de adxudicación a prol do licitador APDTIC PROFESIONALES SL e, rematado o prazo de 7 días hábiles concedido para que presentara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 16 do PCAP, con data de 28.09.2022, o órgano de asistencia acordou:

“Único: Otorgar al licitador APDTIC Profesionales SL un plazo de 3 días naturales, a contar desde el día siguiente al del envío del requerimiento y publicación simultánea en el Perfil del contratante del Ayuntamiento de Cambre, para que presente, a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público, la siguiente documentación:

- certificados de la Agencia Tributaria y la Seguridad Social que acrediten estar al corriente de pagos con estos organismos en la fecha final de presentación de ofertas (22.08.2022)
- acreditación de haber constituido la garantía complementaria, por haberse encontrado su oferta incurso inicialmente en presunción de anormalidad, de conformidad con lo establecido en el art. 107.2 LCSP, durante el plazo concedido para la presentación de documentación (cláusula 16 del PCAP), es decir entre el 13.09.2022 y el 21.09.2022
- alta en la seguridad social e informe de vida laboral de la persona designada para la ejecución del contrato”.

Visto que, examinada a documentación aportada dentro do dito prazo de 3 días naturais, o órgano de asistencia, con data de 10.10.2022, acordou:

“Único: Excluir al licitador APDTIC Profesionales SL de la presente licitación para adjudicar el “Servicio de delegado de protección de datos externo del Ayuntamiento de Cambre” (expediente TEdC número 2022/C004/000038), por no haber depositado la garantía complementaria durante el plazo concedido para la presentación de documentación previa a la adjudicación (cláusula 16 del PCAP), es decir entre el 13 y el 21 de septiembre de 2022, y proceder a la devolución de la garantía depositada con fecha de 3 de octubre de 2.022 por importe del 5% del precio final ofertado (82 euros)”.

Visto que, contra este acuerdo, rexistrouse de entrada, ao núm. 202299900006193, o día 8 de novembro de 2022, escrito no que don André Castelo Pichel, en representación da entidade mercantil APDTIC Profesionales, S.L., interpuxo recurso de alzada, que foi desestimado, previo informe da secretaria xeral de data 21 de novembro de 2022 (CVD: mL7wKhvZ7xHuNEhOGGUj), mediante Resolución da Alcaldía núm. 2019/2022, de 22 de novembro.

Visto que con data do 10.10.2022 polo órgano de asistencia formulouse proposta de adxudicación a prol do licitador Norquality Consultores SL e, rematado o prazo de 7 días hábiles concedido para que presentara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 16 do PCAP, con data de 09.11.2022, o órgano de asistencia acordou:

“Único: Otorgar al licitador Norquality Consultores, S.L. un plazo de 3 días naturales, a contar desde el día siguiente al del envío del requerimiento y publicación simultánea en el Perfil del contratante del Ayuntamiento de Cambre, para que presente, a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público, la siguiente documentación:

- documento firmado por la persona que ejecutará el servicio de Delegado de Protección de Datos y por la empresa Norquality Consultores, S.L., comprometiéndose a trabajar en el servicio adjudicado a la empresa contratada como titulada superior y adscrita al grupo de cotización correspondiente.

Ello, teniendo en cuenta que, dentro del plazo de los 10 días hábiles siguientes al de la notificación de la adjudicación del contrato, aportará el contrato formalizado y el alta en el régimen correspondiente de la Seguridad Social”.

Visto que, examinada a documentación aportada dentro do dito prazo de 3 días naturais, o órgano de asistencia, con data de 24.11.2022, acordou:

“Único: Excluir al licitador Norquality Consultores, S.L. de la presente licitación para adjudicar el “Servicio de delegado de protección de datos externo del Ayuntamiento de Cambre” (expediente TEdC número 2022/C004/000038), por no haber aportado “documento firmado por la persona que ejecutará el servicio de Delegado de Protección de Datos y por la empresa Norquality Consultores, S.L., comprometiéndose a

trabajar en el servicio adjudicado a la empresa contratada como titulada superior y adscrita al grupo de cotización correspondiente". Esto, teniendo en cuenta que la adjudicación del contrato obviando dichas circunstancias resultaría contraria a lo establecido en la cláusula 20 del PCAP, en la que se establece como condición especial de ejecución "observar las obligaciones relativas a fiscalidad y a las disposiciones vigentes en materia de protección del empleo, condiciones de trabajo y prevención de riesgos laborales, así como respetar las condiciones salariales y laborales fijadas en el convenio colectivo de referencia para el personal asignado a la ejecución del presente contrato".

Visto que con data do 24.11.2022 polo órgano de asistencia formulouse proposta de adxudicación a prol do licitador VALDEPARES CONSULTING S.L. e, rematado o prazo de 7 días hábiles concedido para que presentara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 16 do PCAP, con data de 21.12.2022, o órgano de asistencia acordou:

"Único: Excluir al licitador VALDEPARES CONSULTING S.L., con NIF.- B67762633, de la presente licitación para adjudicar el "Servicio de delegado de protección de datos externo del Ayuntamiento de Cambre" (expediente TEdC número 2022/C004/000038), por no haber atendido, dentro del plazo de siete días otorgado al efecto, el requerimiento para que presentara la documentación relacionada en la cláusula 16.1 del PCAP, enviado con fecha de 25.11.2022 a través de la PLACSP, publicándose el mismo día la correspondiente acta en dicha plataforma".

Visto que con data do 21.12.2022 polo órgano de asistencia formulouse proposta de adxudicación a prol do licitador AYS INNOVA, S.L. e, rematado o prazo de 7 días hábiles concedido para que presentara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 16 do PCAP, con data de 17.01.2023, o órgano de asistencia acordou:

"Excluir a la empresa AYS INNOVA S.L., con NIF. B70310255, del procedimiento de contratación del Servicio de delegado de protección de datos externo del Ayuntamiento de Cambre (expediente TEdC 2022/C004/000038), al considerar que dicha empresa retiró su oferta al no haber atendido el requerimiento efectuado para que dentro del plazo de siete días hábiles, a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento, presentase la documentación previa a la adjudicación prevista en la cláusula 16, al haberse formulado propuesta de adjudicación a su favor y teniendo en cuenta los datos que constan en el Registro General de Contratistas de la Comunidad Autónoma de Galicia, en los cuales de se encuentra inscrita la entidad".

Visto que con data do 17.01.2023 o órgano de asistencia acordou:

"Primero: Realizar propuesta de adjudicación del expediente núm. 2022/C004/000038 para adjudicar el contrato de Servicio de delegado de protección de datos externo del Ayuntamiento de Cambre a favor de la empresa INGADE CONNECT, S.L., con NIF.- B90399577, en el precio total ofertado de 2.400,00 sin IVA, 2.904,00 euros IVA incluido, por ser, excluidas las cinco primeras, la entidad que obtiene la mayor puntuación en aplicación de los criterios de adjudicación que constan en la cláusula 12 del PCAP (oferta económica y asistencia presencial), sin encontrarse incurso su oferta en presunción de resultar anormalmente baja.

Segundo: De conformidad con lo establecido en el tercer párrafo de la cláusula 15.1 del PCAP, requerir a la empresa INGADE CONNECT, S.L. para que dentro del plazo de tres días naturales proceda a subsanar la declaración responsable (anexo II del PCAP) en tanto que se ha presentado de forma incompleta, refiriendo la misma a la fecha final de presentación de ofertas (22.08.2022)".

Visto que, subsanada a declaración responsable, con data de 19.01.2023, polo órgano de asistencia concedéuselle o prazo de 7 días hábiles para que achegara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 16 do PCAP.

Visto que, presentada a dita documentación dentro do dito prazo de 7 días hábiles, o órgano de asistencia, con data do 14.02.2023, acordou:

“Único: Otorgar al licitador INGADE CONNECT, S.L. un plazo de 3 días naturales, a contar desde el día siguiente al del envío del requerimiento y publicación simultánea en el Perfil del contratante del Ayuntamiento de Cambre, para que presente, a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público, la siguiente documentación:

- justificante de estar al corriente con sus obligaciones con la Seguridad Social a fecha de presentación de ofertas (22.08.2022).*
- documento firmado por la persona que ejecutará el servicio de Delegado de Protección de Datos y por la empresa comprometiéndose a trabajar en el servicio adjudicado a la empresa contratada como titulada superior y adscrita al grupo de cotización correspondiente.*

Ello, teniendo en cuenta que, dentro del plazo de los 10 días hábiles siguientes al de la notificación de la adjudicación del contrato, aportará el contrato formalizado y el alta en el régimen correspondiente de la Seguridad Social.

Visto que con data do 16.02.2023 INGADE CONNECT S.L. atende debidamente o requirimento e achega a documentación solicitada.

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental mais o interventor municipal con data do 24.02.2023 (CVD: /fHy8EgRCWMO1iznWPP2).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Declarar válida a licitación, de conformidade co establecido polo órgano de asistencia con data de 25.08.2022, admitindo nela aos seguintes licitadores:

- APDTIC PROFESIONALES, S.L.
- AUDIDAT 3.0, S.L.U.
- AYS INNOVA S.L.
- CASTRO ALONSO ASESORES S.L.
- ENFOKE PROTECCION DE DATOS SL
- INGADE CONNECT, S.L.
- NORQUALITY CONSULTORES, S.L.
- VALDEPARES CONSULTING S.L.
- VICENTE JOSÉ GÓMEZ LOUREDA

Segundo: Excluir desta licitación á empresa FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES S.L., por non atender o requirimento efectuado con data de 26 de agosto de 2022, a través da Plataforma de contratación do sector



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

público, para que xustificara a súa oferta, incurso en presunción de anormalidade. Isto, de conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data de 09.09.2022.

Terceiro: Aprobar, de conformidade co establecido polo órgano de asistencia con datas do 25.08.2022 e do 09.09.2022, a seguinte clasificación das ofertas, por orde decrecente:

Nº ORDEN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.	APDTIC PROFESIONALES, S.L.	100
2	NORQUALITY CONSULTORES, S.L.	75,13
3.	VALDEPARES CONSULTING S.L.	72,48
4.	AYS INNOVA	69,64
5.	INGADE CONNECT, S.L.	63,67
6.	VICENTE JOSÉ GÓMEZ LOUREDA	59,76
7.	AUDIDAT 3.0, S.L.U.	58,24
8.	ENFOKE PROTECCION DE DATOS SL	57,67
9.	Castro Alonso Asesores S.l.	44

Cuarto: Excluir ao licitador APDTIC Profesionais SL desta licitación, por non depositar a garantía complementaria durante o prazo concedido para a presentación da documentación previa á adxudicación (cláusula 16 do PCAP), é dicir, entre o 13 e o 21 de setembro de 2022, e proceder á devolución da garantía depositada con data de 3 de outubro de 2022 por importe do 5% do prezo final ofertado (82 euros), garantía con núm. de rexistro 1100. Isto, de conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data de 10.10.2022.

Quinto: Excluir ao licitador Norquality Consultores S.L. desta licitación, por non achegar *“documento asinado pola persoa que executará o servizo de Delegado de Protección de Datos e pola empresa Norquality Consultores, S.L., comprometéndose a traballar no servizo adxudicado á empresa contratada como titulada superior e adscrita ao grupo de cotización correspondente”*. Isto, tendo en conta que a adxudicación do contrato obviando ditas circunstancias resultaría contraria ao establecido na cláusula 20 do PCAP, na que se establece como condición especial de execución *“observar as obrigacións relativas á fiscalidade e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, así como respectar as condicións salariais e laborais fixadas no convenio colectivo de referencia para o persoal asignado á execución do presente contrato”*. Isto, de conformidade co acordo adoptado polo órgano de asistencia con data de 24.11.2022.

Sexto: Excluir ao licitador VALDEPARES CONSULTING S.L. desta licitación, ao considerar que dita empresa retirou a súa oferta ao non atender o requirimento efectuado para que dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentase a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 16. Isto, de conformidade co establecido na acta do órgano de asistencia de data 21.12.2022, da que se deriva que o requirimento se remitiu á empresa VALDEPARES CONSULTING S.L., S.L., a través da PLACSP, con data do 23.12.2022, con publicación simultánea do anuncio na PLACSP, rematando o prazo o día 03.01.2023, sen que polo licitador se atendera o dito requirimento.

Sétimo: Excluir ao licitador AYS INNOVA S.L. desta licitación, ao considerar que dita empresa retirou a súa oferta ao non atender o requirimento efectuado para que dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentase a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 16. Isto, de conformidade co establecido na acta do órgano de asistencia de data 17.01.2023, da que se deriva que o requirimento se remitiu á empresa AYS INNOVA, S.L., a través da PLACSP, con data do

25.11.2022, con publicación simultánea do anuncio na PLACSP, rematando o prazo o día 07.12.2022, sen que polo licitador se atendera o dito requirimento.

Oitavo: Adxudicar, de conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia con data de 20.01.2023, o contrato do servizo de “Delegado de protección de datos externo do Concello de Cambre”, a favor da empresa INGADE CONNECT, S.L. no prezo total ofertado de 2.400 euros sin IVA, 2.904 euros IVA incluído, con 45 horas anuais de asistencia presencial no Concello, por ser a entidade que obtivo a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do PCAP (prezo e asistencia presencial), logo de resultar excluídas as catro primeiras.

Noveno: De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6.g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Igualmente, de conformidade coa cláusula 16.1.11.3 do PCAP, durante o dito prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación, o adxudicatario deberá presentar, a través da sede electrónica do Concello de Cambre:

- contrato formalizado coa persona que executará o servizo, contratado como titulado superior
- alta no réxime correspondente da Seguridade Social

Décimo: Designar responsable do contrato a dona Paula Villamisar Varela, xefa da unidade de réxime interior, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo primeiro: Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Decimo segundo: Notificar á responsable do contrato mais á Tesourería e Intervención Municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de febreiro de 2023 (CVD: SzY/X7Abuq56ktXizNut), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 17 ao 23 de febreiro de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 262/2023 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 309/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
262/2023	17-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 23 de febreiro de 2023
263/2023	17-02-2023	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2022 número 5/2023 por importe de 92.802,41 euros financiada en 69.802,41 euros con compromiso de ingreso e en 23.000,00 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
264/2023	17-02-2023	Aprobar a relación de 10 altas e 12 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023 no mes de febreiro
265/2023	17-02-2023	Expediente sancionador por unha infracción ao disposto na Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre, por proferir gritos na rúa fronte ao local Beagle, sito na Costa da Tapia, O Temple. Responsable: HKVP
266/2023	17-02-2023	Aprobar o proxecto "Mellora de camiños municipais en Castro, Nebrixe e Fontaiña (Bribes). Cambre 2023", cun orzamento de execución por contrata de 55.462,82 €, IVE engadido. Solicitar o outorgamento dunha subvención por importe de 40.000,00€ para a realización do proxecto "Mellora de camiños municipais en Castro, Nebrixe e Fontaiña (Bribes). Cambre 2023", conforme ao disposto na Orde do 29 de decembro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
267/2023	17-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a MMHS por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
268/2023	17-02-2023	Asignar números aos lofts dentro da rúa Ramón Cabanillas, O Graxal, Temple, CP 15679, Cambre
269/2023	17-02-2023	Autorizacións venda ambulante ocasional no Entroido
270/2023	17-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de febreiro de 2023
271/2023	20-02-2023	Desestimar o recurso de reposición presentado por IPM, en representación de IVB, contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 19 de agosto de 2022, polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos da presente resolución



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

272/2023	20-02-2023	Iniciar procedemento sancionador a CD como consecuencia da presunta comisión dunha infracción de carácter grave, tipificada no artigo 33 d) da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, consistente no incumprimento do horario de peche do local denominado "Beagle", sito na Costa da Tapia, O Temple
273/2023	20-02-2023	Delegación de funcións da alcaldía os días 2, 3 e 4 de marzo de 2023 no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
274/2023	20-02-2023	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xaneiro de 2023 por importe de 82.749,35 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 82.749,35 euros
275/2023	20-02-2023	Devolución de ingresos indebidos da taxa de subministración de auga por exceso de consumo por avaría no recibo do terceiro trimestre 2022 a ARA
276/2023	22-02-2023	Desistencia a axuda de emerxencia social de odontoloxía a MJPN
277/2023	22-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a OND por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
278/2023	22-02-2023	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JCU
279/2023	22-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social a ADCM para pagamento dun recibo de gas por importe de 33,41 euros e un recibo de auga por importe de 47,46 euros
280/2023	22-02-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a MCMC
281/2023	22-02-2023	Asignar o número 11-B, á vivenda situada en Sixto, Cambre
282/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a X 2007 SL para a rectificación das deficiencias detectadas na finca sita en Monte, Bribes, - existencia de vexetación que está a invadir o espazo público, entrando en contacto co tendido aéreo
283/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a LMCh para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Folgueira, Vigo, que están a invadir o espazo público, entrando en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
284/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a FLAB, SA para a o roza da vexetación existente na finca sita en rúa río Gándara, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
285/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a LMCh para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Folgueira, Santa María de Vigo, que están a invadir o espazo público, entrando en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
286/2023	23-02-2023	Autorizar a EBD funcionaria de carreira do Concello de Cambre o desempeño en comisión de servizos do posto de xefe de unidade técnica de infraestruturas, na zona centro na Coruña da Dirección de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Portos de Galicia, desde o 1 de marzo de 2023 e durante o prazo máximo dun ano
287/2023	23-02-2023	Iniciar procedemento sancionador a JLFC, para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente en ensuciar a vía pública como consecuencia da realización dun recheo en Quintán, s/n, Cecebre, estando tipificados tales feitos coma infracción de carácter grave polo artigo 27 b) número 1 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público
288/2023	23-02-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 23 de febreiro de 2023
289/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a RH, S.L. para a roza da vexetación existente na finca sita na Barcala, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
290/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a IGC para a roza da vexetación existente na finca sita en Socampo, Cambre, por canto que se atopa nun estado de abandono, na proximidade de vivendas, e invadindo o espazo público, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
291/2023	23-02-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar os herdeiros de VPV, na parcela sita no lugar da Caneiro (Cambre), consistentes na execución dun recheo, sen título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
292/2023	23-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de gas a MEG por importe de 151,96 euros e para recibo de auga por importe de 45,67 euros
293/2023	23-02-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, e falecemento ás persoas correspondentes ao mes de xaneiro de 2023
294/2023	23-02-2023	Concesión e apertura da urna perimetral sinalada ao número 172, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, a favor MPSB.co fin de inhumar o cadáver de don M.S.B. o día 28 de outubro de 2022
295/2023	23-02-2023	Asignar o número 20-B, á vivenda unifamiliar situada no lugar de Anceis, parroquia de Anceis
296/2023	23-02-2023	Asignar o número 1-A, a vivenda situada no lugar de Brañas, Lendoiro, parroquia de Cecebre, CP 15650
297/2023	23-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
298/2023	23-02-2023	Aprobar a adhesión do Concello de Cambre ao Programa PEL-

		Concellos 2023 de Axudas a Contratación de Persoas para a Execución de Obras e Servizos Municipais, de acordo coas contías, obrigas e compromisos establecidos nas bases da convocatoria publicadas no BOP núm. 13 de 19 de xaneiro de 2023. Solicitar á Deputación Provincial unha subvención por importe de 52.000,00 euros, de conformidade coas Bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2023 publicadas no BOP núm. 13 do 19 de xaneiro de 2023, para contratar a cinco persoas para desenvolver servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985
299/2023	23-02-2023	Corrección de erros da resolución do concelleiro delegado de desenvolvemento local núm. 1583/2022 de 13 de setembro de 2022 da prórroga da autorización de venda ambulante na feira de Cambre
300/2023	23-02-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 1 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JSP, e anotar o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
301/2023	23-02-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 22 para o ano 2023, solicitado polo seu titular MVC, e anotar o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
302/2023	23-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a JAFG por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
303/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a RGC para a roza da vexetación existente na finca sita en Balado, Cambre, por canto que se atopa nun estado de abandono, na proximidade de vivendas, e invadindo o espazo público, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
304/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MCB e IGC para a roza da vexetación existente nas fincas sitas en Socampo, Cambre, por canto que se atopa nun estado de abandono, na proximidade de vivendas, e invadindo o espazo público, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
305/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a ETG para a roza da vexetación existente na finca sita en praza San Marcos, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		aos deberes sinalados
306/2023	23-02-2023	Aprobar a nómina de febreiro de 2023 por importe de 426.602,90 euros brutos
307/2023	23-02-2023	Declarar a caducidade do expediente nº 2022/I002/000003 ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa, de acordo co establecido nos artigos 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JFC e SFK pola construción dun peche, carecendo do preceptivo título habilitante na parcela sita en Gamelas, s/n, Anceis, e sen gardar a preceptiva distancia de 4,5 metros ao camiño público municipal 1C.1.345, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
308/2023	23-02-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar MELL na finca sita en Canal, parroquia de Cecebre, consistentes na reconstrución dunha vivenda unifamiliar, sen axustarse á licenza municipal concedida mediante resolución do concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente de data 26 de xuño de 2014, xa que as obras executadas non están encamiñadas á rehabilitación da vivenda preexistente, senon á reconstrución dela, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
309/2023	23-02-2023	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar VB, S.L., como construtor, e os herdeiros de JMBB, como propietarios, na parcela sita en San Roque, Santa María de Vigo, consistentes na rehabilitación dunha vivenda, sen axustarse á comunicación previa presentada no exp. 2022/U026/000364, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Devolución avais no expediente de contratación 2022/C004/000024 *Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi*.
- Proposta de designación do Coordinador de Seguridade e Saúde da obra denominada "Mellora dos parques infantís dos CEIPS Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal". Expediente: 2022/C003/000022
- Devolución da garantía definitiva do servizo "Contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do concello de Cambre." Exp: 2016/C006/000002
- Contrato de obra das Gradás cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo. Expediente 2020/C003/000008.

Concedida a palabra á secretaria accidental, a dita funcionaria advirte de que, ao seu xuízo, os asuntos relacionados non teñen o carácter de urxente, polo que procedería a súa inclusión na orde do día da seguinte sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que se celebre.

Non obstante, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A) DEVOLUCIÓN AVAIS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2022/C004/000024 ORGANIZACIÓN DA V ROMARÍA GALAICO-ROMANA GALAICOI

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: /643Mkzl7H2toIKHlezo), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día un de xullo de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o acordo cuxa parte dispositiva di:

“(…)

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 24 de maio de 2022, **declarar deserto o Lote 7** “Servizos de recreación histórica da vida cotiá, cultural, política, relixiosa e militar das sociedades romana e castrexa, consistentes na realización de dramatizacións, demostracións, escenificacións, desfiles e na exposición de diverso material e equipamento civil e militar romano e castrexo” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi”, expediente núm. 2022/C004/000024, ao non terse presentado ningunha proposición para o presente lote, iso de conformidade co establecido no art. 150.3 in fine da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

(…)

Sétimo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, **adjudicar o Lote nº 1** “Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Espectáculos AMB Producións, S.L.**”, no prezo ofertado de 25.582,63 euros sen IVE (30.954,98 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa; todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

(…)

Oitavo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 24 de maio de 2022, **adjudicar o Lote nº 2** “Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría (seis servizos hixiénicos sanitarios para homes, mulleres e

persoas con discapacidade” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Subministracións Xerais Manufacturados, S.L.**”, no prezo ofertado de 1.360,00 euros sen IVE (1.645,60 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Noveno: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 24 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 3** “Subministración de elementos gráficos de difusión (programas e carteis), de sinalización (bandeirolas, lonas, planos e frechas), de merchandising (chapas, adhesivos e bolsas) e conmemorativos (tessera)” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Barbeito e López, S.C.**”, no prezo ofertado de 5.144,69 euros sen IVE (6.225,07 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

(...).

Décimo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 24 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 4** “Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, mercado, Campo da Feira e teatro)” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Iluminación Naveiro, S.L.**”, no prezo ofertado de 6.300,00 euros sen IVE (7.623,00 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12.4 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Décimo primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 5** “Servizo de sonorización para a romaría e para as representacións teatrais programadas no teatro” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Son-Press, S.L.**”, no prezo ofertado de 4.902,00 euros sen IVE (5.931,42 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12.5 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Décimo segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 6** “Servizo de gravación e edición de vídeo para a transmisión en streaming das representacións teatrais” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol do licitador “**Alfonso**”

Bebeira Rodríguez", no prezo ofertado de 2.300,00 euros sen IVE (2.783,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtivo a maior puntuación total en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademáis de no prezo ofertado, na calidade técnica da memoria descritiva dos servizos de grabación, edición e transmisión.

Décimo terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, adxudicar o **Lote nº 8** "Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico" do contrato mixto de servizos e subministracións para a "Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi", expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa "**Artestudio Xestión Cultural, S.L.**", no prezo ofertado de 2.650,00 euros sen IVE (3.206,50 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.8 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

(...).

Décimo quinto: De conformidade coa cláusula 19.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designar responsable do contrato ao técnico en promoción económica, José Luís González Cardalda, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

(...)"

Visto que no antedito expediente constan os resgardos das garantías definitivas depositados na Tesourería municipal por cada un dos adxudicatarios en cada un dos lotes, segundo se indica a continuación:

- **Lote 1:** "Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romería". Garantía definitiva constituída polo adxudicatario *Espectáculos AMB Producciones* mediante fianza presentada con data do 15.06.2022 por importe de 1.279,13 euros, con núm. de rexistro 1091.
- **Lote 2:** "Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría (6 servizos hixiénicos sanitarios para homes, mulleres e persoas con discapacidade". Garantía definitiva constituída polo adxudicatario *Suministros Generales Manufacturados S.L.* mediante fianza presentada con data 03.06.2022 por importe de 68,00 euros, con num. de rexistro 1084.
- **Lote 3:** "Subministración de elementos gráficos de difusión (programas e carteis), de sinalización (bandeirolas, lonas, planos e frechas), de merchandising (chapas, adhesivos e bolsas) e conmemorativos (tessera)". Garantía definitiva constituída polo adxudicatario *Barbeito y López S.C.* mediante fianza presentada con data 09.06.2022 por importe de 257,23 euros, con núm. de rexistro 1087.

- **Lote 4:** “Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, mercado, Campo da Feira e teatro)”. Garantía definitiva constituída polo adxudicatario *Iluminación Naveiro S.L.* mediante fianza presentada con data 09.06.2022 por importe de 315,00 euros, con num. de rexistro 1086.
- **Lote 5:** Servizo sonorización para a romaría e para as representacións tetarais programadas no teatro” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”. Garantía definitiva constituída polo adxudicatario *Son Press S.L.* mediante fianza presentada con data 08.06.2022 por importe de 245,10 euros, con núm. de rexistro 1082.
- **Lote 6:** “Servizo de gravación e edición de vídeo para a transmisión en streaming das representacións teatrais” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”. Garantía definitiva constituída polo adxudicatario *Alfonso Cebeira Rodríguez* mediante fianza en metálico depositada na Tesourería municipal con data 10.06.2022 por importe de 115,00 euros, con num. de rexistro 1088.
- **Lote 8:** “Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”. Garantía definitiva constituída polo adxudicatario *Artestudio Xestión Cultural S.L.* presentada con data 09.06.2022 por importe de 132,50 euros, con núm. de rexistro 1083.

Visto o informe emitido polo técnico en Promoción Económica, don José Luis González Cardalda, con data do 16 de xaneiro de 2023, (CVD: ymK1jqM1JBAVjxl1q08o) no que, entre outras cousas, sinala:

*(...) Transcorridos os prazos de execución contemplados nos pregos de prescricións e de garantía dos contratos correspondentes aos lotes nº 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 8 do contrato de referencia e realizadas satisfactoriamente a totalidade das prestacións obxecto de contratación, e xa que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día primeiro de xullo de dous mil vinte dous de conformidade coa cláusula 19.1 do PCAP e máis co art. 62 da LCSP, acordou designar como responsable dos contratos ao técnico en promoción económica, José Luis González Cardalda, a quen corresponde o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización das prestacións pactadas, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE,***

Primeiro. Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato adxudicado á empresa “Espectáculos AMB Produccións, S.L.” correspondente ao lote nº 1 “Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico - romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, ascendendo o importe da devandita garantía a cantidade de 1.279,13 €.

Segundo. Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato adxudicado á empresa “Suministros Genewrales Manufacturados, S.L.” correspondente ao lote nº 2 “Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría (seis servizos hixiénicos sanitarios para homes, mulleres e persoas con discapacidade” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico - romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, ascendendo o importe da devandita garantía a cantidade de 68,00 €.

Terceiro. Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato adxudicado á empresa “Barbeito e López, S.C.”, correspondente ao lote nº 3 “Subministración de elementos gráficos de difusión (programas e carteis), de sinalización (bandeiras, lonas, planos e frechas), de merchandising (chapas, adhesivos e bolsas) e conmemorativos (tessera)” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría

galaico - romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, ascendendo o importe da devandita garantía a cantidade de 257,23 €.

Cuarto. *Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato adxudicado á empresa “Iluminación Naveiro, S.L.”, correspondente ao lote nº 4 “Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, mercado, Campo da Feira e teatro)” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico - romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, ascendendo o importe da devandita garantía a cantidade de 315,00 €.*

Quinto. *Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato adxudicado á empresa “Son - Press, S.L.”, correspondente ao lote nº 5 “Servizo de sonorización para a romaría e para as representacións teatrais programadas no teatro” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico - romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, ascendendo o importe da devandita garantía a cantidade de 245,10 €.*

Sexto. *Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato adxudicado á empresa “Alfonso Cebeira Rodríguez”, correspondente ao lote nº 6 “Servizo de gravación e edición de vídeo para a transmisión en streaming das representacións teatrais” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico - romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, ascendendo o importe da devandita garantía a cantidade de 115,00 €.*

Sétimo. *Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato adxudicado á empresa “Artestudio Xestión Cultural, S.L.” correspondente ao lote nº 8 “Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico - romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, ascendendo o importe da devandita garantía a cantidade de 132,50 €.(...)*

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 68/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 23 de febreiro 2023, de carácter favorable (CVD: Lehtt1o38LKDkd4ulsKf).

A teor do establecido no arts. 107 a 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 1.279,13 euros constituída pola entidade *Espectáculos AMB Producións, S.L.*, mediante fianza en metálico no expediente número 2022/C004/000024, para o contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi” (**Lote 1**).

Segundo: Devolver a garantía definitiva por importe de 68,00 euros constituída pola entidade *Suministros Generales Manufacturados, S.L.*, mediante fianza en metálico no expediente número 2022/C004/000024, para o contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi” (**Lote 2**).

Terceiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 257,23 euros constituída pola entidade *Barbeito e López, S.C.*, mediante fianza en metálico no expediente número 2022/C004/000024, para o contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi” (**Lote 3**).

Cuarto: Devolver a garantía definitiva por importe de 315,00 euros constituída pola entidade *Iluminación Naveiro, S.L.*, mediante fianza en metálico no expediente número 2022/C004/000024, para o contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi” (**Lote 4**).

Quinto: Devolver a garantía definitiva por importe de 245,10 euros constituída pola entidade *Son - Press, S.L.*, mediante fianza en metálico no expediente número 2022/C004/000024, para o contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi” (**Lote 5**).

Sexto: Devolver a garantía definitiva por importe de 115,00 euros constituída polo adxudicatario *Alfonso Cebeira Rodríguez*, mediante fianza en metálico no expediente número 2022/C004/000024, para o contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi” (**Lote 6**).

Setimo: Devolver a garantía definitiva por importe de 132,50 euros constituída pola entidade *Artestudio Xestión Cultural, S.L.*, mediante fianza en metálico no expediente número 2022/C004/000024, para o contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi” (**Lote 8**).

Oitavo: Notificar este acordo aos interesados e dar traslado del ao responsable do contrato e á Intervención e á Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: /643MkzI7H2toIKHlezo) resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

B) PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DO COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS DOS CEIPS WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ E O GRAXAL”. EXPEDIENTE: 2022/C003/000022

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: 5M17MGb5+BnY0kxiz/DN), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000022 para a contratación da obra “Mellora dos parques infantís dos CEIPS Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal”.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2023 se adjudicou o Lote 1 (CEIP Wenceslao Fernández Flórez) do contrato de “Mellora dos parques infantís dos CEIPS Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal” (expediente 2022/C003/000022) á empresa Zona de Obra O Rosal, S.L. no prezo ofertado de 10.295,98 € sen IVA, 12.458,13€ IVA incluído, e do Lote 2 (CEIP O Graxal) á empresa Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. no prezo ofertado de 23.700,00€ sen IVA, 28.677,00€, IVA incluído.

Visto o informe emitido polo responsable do contrato, don Óscar Souto Muiño, enxeñeiro de camiños municipal, de data 16 de febreiro 2023, (CVD: 07COU7HoSC99IsEvpGSZ), no que di:

“(…)Una vez que me han notificado con fecha 15/02/2022, la designación como responsable del contrato y Director de obra correspondiente a la actuación denominada “Lote 1 (CEIP Wenceslao Fernández Flórez) del contrato de Mejora de los parques infantiles de los CEIPS Wenceslao Fernández Flórez y El Graxal (expediente 2022/C003/000022) a la empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, en el precio ofertado de 10.295,98 € sin IVA, 12.458,13€ IVA añadido, y del Lote 2 (CEIP EL GRAXAL)” a la empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, en el precio ofertado de 23.700,00€ sin IVA, 28.677,00€, IVA añadido, correspondiéndome supervisar su ejecución y adoptar las decisiones y dictar las instrucciones necesarias con el fin de asegurar la correcta realización de la prestación pactada.

Como Responsable del contrato solicito que se nombre un coordinador de seguridad y salud externo, para ello tenemos en vigor el contrato administrativo para la ejecución del “Servicio de coordinación de seguridad y salud de las obras promovidas por el Ayuntamiento de Cambre”, cuyo adjudicatario es la empresa “GALLEGA DE COORDINACIONES, S.L.”, con número de expediente 2020/C004/000022.(…)”

Visto o informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 24 de febreiro 2023, (CVD: S7XDy3a0DNI0io9p2HXW), responsable do dito contrato de *Servicio de coordinación de seguridad y salud de las obras promovidas por el Ayuntamiento de Cambre*, no que propón:

“(…)nomear a D. Francisco Jesús Cobas Fernández, Enxeñeiro Técnico Industrial colegiado nº 1575 como Coordinador de Seguridade e Saúde da obra denominada “Mejora de los parques infantiles de los CEIPS Wenceslao Fernández Flórez y O Graxal”(…)”

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Designar como Coordinador de Seguridade e Saúde da obra denominada “Mejora de los parques infantiles de los CEIPS Wenceslao Fernández Flórez y O Graxal” a don Francisco Jesús Cobas Fernández, Enxeñeiro Técnico Industrial da empresa Gallega de Coordinaciones, S.L.

Segundo: Dar traslado ao responsable do contrato, don Óscar Souto Muiño, enxeñeiro de camiños municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Terceiro: Notificar ás empresas adjudicatarias e ao coordinador de seguridade e saúde, don Francisco Jesús Cobas Fernández, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos

112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: 5M17MGB5+BnY0kxiz/DN), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

C) DEVOLUCIÓN DA GARANTIA DEFINITIVA DO SERVIZO "CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMBRE." EXP: 2016/C006/000002

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: EVKHZVqg7Pp5gxy7Ywoq), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que o contrato do "Servizo de axuda a domicilio no Concello de Cambre", foi adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria de data 16.09.2016 a prol da licitadora dona Natalia Vázquez Rodríguez, con DNI 7*****4T, sendo formalizado o dito contrato con data 19.09.2016.

Visto que, con data 25.06.2018, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Autorizar a cesión solicitada por dona Natalia Vázquez Rodríguez, adxudicataria do contrato para a xestión mediante a modalidade de concerto do servizo de axuda a domicilio no Concello de Cambre, (exp. 2016/C006/000002), a prol da sociedade mercantil "O Espertar Servizos Sociais, S.L.", de conformidade co establecido no artigo 226 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

Como consecuencia desta cesión, a entidade "O Espertar Servizos Sociais, S.L." quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

(...)

Terceiro : A entidade “O Espertar Servizos Sociais, S.L.” deberá constituir unha garantía definitiva por importe de 55.786,50 euros, por calquera dos medios establecidos no artigo 96 do RDL 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido de lei dos contratos do sector público, de xeito que, de conformidade co establecido no artigo 102.4 do citado texto legal, non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada pola cedente ata que non se atope formalmente constituída a da entidade cesionaria.

(...).”

Visto que consta no antedito expediente o resguardo do depósito definitivo conforme a entidade *O Espertar Servizos Sociais S.L.* depositou na Tesourería municipal con data 06.07.2018, núm. de rexistro 830, mediante aval bancario, por importe de 55.786,50 euros.

Visto o informe emitido pola coordinadorea de servizos sociais, responsable do contrato, con data do 29 de xuño de 2022, (CVD: j9Gmb+j9mbo6oBqUA8gB) no que entre outras cousas sinala:

(...) Tendo transcorrido o prazo de garantía dende a finalización do contrato, e a teor do establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a asinante do presente informe fai constar:

1.- Que os traballos se realizaron con plena satisfacción e conforme aos pregos de prescripcóns técnicas e de cláusulas administrativas.

2.- Que por parte da funcionaria informante non se formula ningunha obxexión, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía.(...)

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 69/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 26 de febreiro 2023, de carácter favorable (CVD: GF3f59V55TuDPm0VqJvW).

A teor do establecido no arts. 107 a 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver á entidade *O Espertar Servizos Sociais S.L.*, con CIF B70253042, a garantía definitiva depositada na Tesourería municipal con data 06.07.2018, núm. de rexistro 830, constituída mediante aval bancario, por importe de 55.786,50 euros, no expediente número 2016/C006/000002, para o “Servizo de axuda a domicilio no Concello de Cambre”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo á Intervención e á Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: EVKHZVqg7Pp5gxy7Ywoq), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

D) CONTRATO DE OBRA DAS GRADAS CUBERTAS E VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL DE BREXO. EXPEDIENTE 2020/C003/000008

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: dHytpu9GzPlydNkXKhr), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 10.02.2023 polo concelleiro delegado da área de urbanismo e obras ditouse providencia (CVD: VQHgtvDJsyAxEBMie9+) que di:

“(…) Logo de ver que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 22 de xuño de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de adjudicar a obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan pronvicnail de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS +Adicional 1/2019 por maior achega provincial, a prol do licitador “OGMIOS PROYECTO, S.L.” (expediente 2020/C003/000008).

Logo de ver que no punto oitavo da parte resolutive do acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2022, designouse como director da obra e responsable do contrato, ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da presentación pactada.

Logo de ver que don José Ramón Díaz Barbeito cesou con data o día 21 de xaneiro de 2023, faise necesario nomear unha nova dirección de obra e responsable do contrato.

Atendendo a que a sección de urbanismo e concretamente, o arquitecto municipal, vai facerse cargo dos instrumentos de planeamento e xestión que se atopan en marcha; e por outra parte o Concello non ten seguro de responsabilidade que cubra as Direccions de obras.

Dado que se contratou externamente o “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre “ sendo adxudicataria a empresa “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, e sendo a actual responsable do contrato, dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

Tendo en conta que por dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato suscrito coa “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, non existe inconvinte algún para que esta empresa, leve a dirección da obra e a responsabilidade do contrato denominado “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, 14, Cambre. Agosto 2020”,

Por todo o exposto, realízase a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro: Cambiar a designación de director de obra e responsable do contrato correspondente á actuación denominada “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, 14, Cambre. Agosto 2020”, a favor de dona Paula Fernandez García, arquitecta, e don Álvaro Vazquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e porto, ambos da empresa, “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”.

Visto que con data do 17.02.2023 emitíuse informe polo xefe da área de urbanismo e réxime interior (CVD: CoBYjaL5uB6NO20jbAVw) no que indica:

“Na actualidade a escaseza de recursos humanos existentes nesta Area de Urbanismo, a cal vese agudizada polo recente cese do arquitecto interino, faise que sexa necesario e pertinente acudir á contratación externa da dirección técnica da obra denominada “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, 14, Cambre. Agosto 2020”.

Visto que con data do 23.02.2023 emitíuse informe pola enxeñeira técnica de obras públicas, responsable do contrato do Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre (CVD: XwNn/YDcuV/gm6P+FiTA), no que se propón:

“(…) nomear a D. Gustavo Vázquez Herrero, Ingeniero de Casminos Canales y Puertos, D. Jua Ramón Iglesias Babío, Arquitecto Superior, amboledous da empresa, “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)”, directores da obra denominada “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, 14, Cambre. Agosto 2020”.

Visto que con data de 27.02.2023 emítese informe pola arquitecta técnica municipal (CVD: ao3b1Pz7VcK15qoQIXP+), que di:

“ÁREA DE URBANISMO
ASUNTO: AMPLIACION PLAZO DE EJECUCIÓN

Expediente número: 2020/C003/000008

Título da obra: “GRADAS CUBIERTAS Y VESTUARIOS EN EL CAMPO DE FUTBOL DE BREXO”

Adjudicación da obra: Acuerdo de Xunta de Gobierno Local de 22/06/2021

Empresa adjudicataria: OGMIOS PROYECTO S.L.

Director de obra: D. José Ramón Díaz Barbeito. Arquitecto Municipal

Acta de comprobación: 25/10/2021

Plazo de ejecución: 9 meses

INFORME

ANTECEDENTES

Con fecha 22/07/2022, el arquitecto municipal realizó el siguiente informe, incluido en el expediente de referencia en la plataforma TEDeC , en el que se indica:

"Desde la fecha de inicio de los trabajos, el 26/10/2021, se ha producido un incremento totalmente inusual en los precios de compra de materiales esenciales y suministros, situación reflejada en el "Informe impactos en las empresas de construcción de los incrementos de precio y retrasos en suministro de materiales" de la Confederación Nacional de la Construcción, fechado en octubre de 2021, en donde se cita que el 94,41% de las empresas han sufrido este incremento inusual, recogiendo asimismo el informe que, en esas fechas, el incremento de precios era del tipo: madera (125%), piedra (68%), acero (55,42%), electricidad (37,50%), mano de obra (24%) o transporte (23,75%)."

Desde entonces, y con el inicio en febrero de 2022 de la invasión rusa de Ucrania, esos incrementos de precio y retrasos en los suministros, señalados por el Informe, se han quedado, por reducidos, en meras anécdotas.

Ante esta situación, en primer lugar y ante la falta de suministro de diversos materiales, debemos ampliar el plazo establecido para la ejecución del contrato, y en segundo lugar para que estas obras se ejecuten totalmente, ante el aumento inusual de los precios, debemos estudiar la posible producción de un proyecto modificado, para efectuar cambios y/o modificaciones de las distintas soluciones planteadas en proyecto.

El técnico que suscribe, a la vista de lo expuesto, y considerando que el retraso debido al suministro de materiales no es imputable al adjudicatario, estima que puede ampliarse el plazo de ejecución de las obras en 9 meses, y por lo tanto, esta debe estar finalizada el día 26/04/2023."

CONCLUSIÓN

Considerando que lo expuesto está lo suficientemente razonado para justificar esta ampliación de plazo, se suscribe lo informado por el arquitecto municipal el 22/07/2022".

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria accidental con data do 27.02.2023 (CVD: nPenaFCg3JCzkq/4T+sN) no que conclúe:

"No suposto examinado, o prazo de execución xa está vencido polo que se informa desfavorablemente a ampliación do dito prazo de execución, procedendo actuar segundo o establecido na cláusula 33 do PCAP".

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación de don José Ramón Díaz Barbeito como director da obra e responsable do contrato de *Gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo* (expediente 2020/C003/000008), dado o cese no seu posto de arquitecto interino deste Concello, e designar directores da dita obra e responsables do contrato a don Gustavo Vázquez Herrero, Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos e a don Juan Ramón Iglesias Babío, Arquitecto Superior, ámbolos dous da empresa, "Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)", coa que o Concello de Cambre ten subscrito o contrato para o *servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre*.

Isto, segundo o establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e segundo informe emitido con data do 23.02.2023 pola enxeñeira técnica de obras públicas, responsable do contrato do *Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre*.

Segundo: Ampliar o prazo de execución da obra *Gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo* (expediente 2020/C003/000008) ata o 26.04.2023, segundo informe emitido con data de 27.02.2023 pola arquitecta técnica municipal (CVD: ao3b1Pz7VcK15qoQIXP+).

Terceiro: Notificar este acordo á empresa adjudicataria da obra, OGMIOS PROYECTO S.L., e á empresa "Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)".

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de febreiro de 2023 (CVD: dHytpu9GzPlydNkXKhR), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dezaioito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López